



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

orinoco

**VIAXE A
UN MUNDO
PERDIDO**

Maio 2013 - Xaneiro 2014

Museo Centro Gaiás
GAIÁS - Cidade da Cultura
Santiago de Compostela





GAIÁS

CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e

espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



COLECCIÓN ORINOCO

Tras viaxar durante trece anos por algunhas das institucións culturais máis importantes de Alemaña, Francia, Suíza, República Checa, Finlandia, Suecia, Rusia, Dinamarca ou Eslovenia e recibir máis de sete millóns de visitantes, a Cidade da Cultura de Galicia, en colaboración coa Fundación Cisneros, trae por primeira vez á Península Ibérica a Colección Orinoco, a mostra de arte étnica máis importante de Latinoamérica pertencente á Colección Patricia Phelps de Cisneros.

A *Colección Orinoco* é unha homenaxe excepcional á tradición cultural das doce etnias que habitan o Amazonas venezolano: De'áruwa (Piaroa), Ye'kuana, Yanomami,

Híwi (Guahibo), E'ñepa (Panare), Wakuénai (Curripaco), Baniva, Baré, Puinave, Warekena, Tsase (Píapoco) e Hoti. Composta por unha ampla selección de obxectos utilitarios de cada un dos grupos indíxenas, a colección consta de máis de 1.500 pezas recompiladas durante cincuenta anos de exploracións: máscaras, cestería, adornos corporais, instrumentos musicais, plumarios, canoas, remos e instrumentos de pesca, obxectos de uso cotián e máxico-relixiosos, que están construídos con materiais da selva, partes de animais, plantas e minerais.

A *Colección Orinoco* propón unha inmersión no chamado "Mundo Perdido", un lugar protexido e cálido no



corazón da selva amazónica, onde apenas o un por cento da luz solar logra alcanzar o chan ao mediodía pero no que o ser humano atopou hai doce mil anos un acolledor fogar onde atopar todo o necesario para vivir. A mostra é un canto á natureza virxe e ao respecto polo medio natural e un recoñecemento ás culturas tradicionais e a súa supervivencia respectuosa coa contorna.

A ORIXE: TRINTA ANOS DE EXPLORACIÓNS

Guiados polo amor á Amazonía Venezolana, a familia Cisneros estableceu como misión a recompilación do

maior número de exemplos recentes e antigos da artesanía, utensilios e outros artefactos da vida diaria destas poboacións indíxenas. Unha misión que se prolongou durante máis de tres décadas de incursións ao corazón do “mundo perdido” e que se complementaríase coa adquisición dalgúns obxectos do etnógrafo Edgardo González Niño e, posteriormente, de Walter Coppens.

Máis alá de conservar este patrimonio indíxena, a familia Cisneros tratou de espertar a conciencia internacional dos pobos, a súa cultura e as ameazas da súa existencia poñendo en marcha un programa dedicado a estudar, conservar, publicar e educar sobre esta colección.



CONTIDO VISUAL E DIDÁCTICO

Co obxectivo de amosarlle ao espectador o hábitat e a forma de vida destas etnias indíxenas, ás máis de 1.500 pezas que integran a colección súmase unha selección de imaxes que reproducen as súas culturas, paisaxes e exuberante natureza procedente de dúas excepcionais coleccións: a realizada por Edgardo González Niño ao longo das súas expedicións e a do naturalista, fotógrafo e explorador Charles Brewer-Carías.

Música ceremonial de catro etnias da Amazonía e cinco pezas audiovisuais axudarán ao espectador a introducirse nunha das rexións máis salvaxes, inaccesibles e máxicas do planeta.

Como complemento interactivo, esta Colección conta cun novidoso website educativo para estimular o


coñecemento internacional e fomentar o respecto cara as culturas da selva venezolana: www.orinoco.org. Este recurso multilingüe presenta os aspectos máis destacados da mostra, artigos sobre os modos e vida dos grupos indíxenas, un glosario multimedia e un mapa interactivo de Venezuela.

DISTINCiónS

Este histórico percorrido cheo de beleza e dun gran contido didáctico que recibiu importantes distincións como o Leone D'Oro di San Marco (Venecia), un dos premios máis prestixiosos de Europa, en recoñecemento á calidade estética excepcional da colección, a súa importancia histórica e o valor educativo.



ORINOCO
VIAJE A UN
MUNDO
PERDIDO



Baixo o título *Orinoco. Viaxe a un mundo perdido*, a Colección Orinoco distribúese polas tres plantas do Museo Centro Gaiás en sete ambientes co obxectivo de amosarlle ao espectador o hábitat e a forma de vida destes pobos do Amazonas venezolano: obxectos rituais, instrumentos musicais e xoias; cestería, navegación e pesca; e obxectos utilitarios e armas. Un percorrido por sendeiros cheos de mitos, maxia e sortilexios que se completará con música cerimonial de catro das etnias do Orinoco, 120 impactantes fotografías de Edgardo González Niño e Charles Brewer-Carías e cinco pezas documentais.

OBXECTOS RITUAIS, INSTRUMENTOS MUSICAIS E XOIAS

O visitante de *Orinoco. Viaxe a un mundo perdido* introdúcese na selva amazónica a través do saber indíxena, os seus vínculos coa natureza e unha actitude pragmática non carente de espiritualidade. Obxectos rituais como os bancos cerimoniais ou ornamentos masculinos reflexan un mundo máxico-relixioso personificado na figura do

xamán e plasmado en diferentes ritos de iniciación ou de exaltación e creación do universo, a fertilidade das colleitas e a felicidade dos matrimonios exitosos.

Un mundo cheo de mitos e sabedoría do que tamén forman parte xoias, adobíos ou debuxos corporais -con base en tinturas vexetais que se aplican cos dedos ou con selos de madeira fabricados con diversos deseños- e instrumentos musicais saídos da natureza: ósos, cranios e coiros de animais, carrizos, sementes, caracois e macanas de cangrexos transfórmanse en frautas, pitos, maracas, axóuxeres e tambores.

CESTERÍA E NAVEGACIÓN E PESCA

Orinoco. Viaxe a un mundo perdido tamén ofrece unha aproximación coidadosa aos obxectos da cultura material indíxena, onde a natureza xoga un papel clave. Dela extraen o necesario para sobrevivir e os materiais necesarios para o seu día a día. A extraordinaria biodiversidade da selva amazónica ofrécelles ás culturas indíxenas un repertorio infinito de fibras que polas súas variadas propiedades e características son utilizadas para fabricar



desde vivendas ata vestidos ou diferentes tipos de cestas empregadas no procesamento da iuca amarga –alimento central da dieta en toda a rexión–, como trampas de pesca ou para gardar obxectos durante as súas longas viaxes.

Na selva húmida, a vida adáptase aos continuos contrastes do clima e ao dispar descender dos seus ríos: estables na estación seca, desbordantes na chuviosa. Os sendeiros que atravesan a selva comunicando os poboados indíxenas fanse intransitables, inseguros, convertindo ás diferentes etnias en mestres da navegación fluvial. Case todas sucen as augas do Orinoco a bordo de *curiaras* ou *bongos* –embarcacións de madeira construídas dunha soa peza– cos seus respectivos canaletes ou remos e desenvolven hábiles técnicas de pesca, con trampas, venenos e utensilios como as nasas ou as petacas.

OBXECTOS UTILITARIOS E ARMAS

Os pobos da Orinoquia e Amazonia venezolana desenvolveron un modo de vida que se debeu adaptar ao feito de non contar sempre coas terras máis fértiles, dando lugar a unha eficiente tecnoloxía e caza con arcos, frechas

e tiratacos. Así, na agricultura son claves os utensilios para procesar a iuca: *rallos*, *sebucáns*, *manares*, *mapíres*, *budares* e *volteadores*. Mentres que na caza e a pesca son determinantes o uso de frechas, arpóns, lanzas, tiratacos e enxeñosas trampas.

Todo un conxunto de armas e obxectos utilitarios presentes na mostra, que se complementa con outro tipo de enseres como vasillas, chinchorros (móble fundamental para o descanso e o sono), prendas como os guaiucos, pectorais ou brazaletes e diferentes tipos de vivendas multifamiliares construídas con madeira, palmas e lianas, sen requirir un só cravo.

Orinoco. Viaxe a un mundo perdido revélanos a metáfora dunha natureza modificada e profunda na diversidade étnica e cultural da conca do Orinoco e a rexión amazónica de Venezuela nun momento no que as sociedades máis vulnerables do planeta deberán enfrontar, ademais dos conflitos e as dixuntivas relacionados coa súa propia identidade, todas as encrucilladas que depara o tempo actual.

XENTES ENTRE RÍOS



Un dos trazos característicos de Galicia é a marcada e densa presenza de cursos fluviais, cuxos vales e augas formaron unha paisaxe única. A arraigada tradición aínda viva e presente nalgunhas aldeas de ribeira, con manifestacións tan notables como pasos, embarcacións, artes de pesca e un rico folclore, está agora en perigo de extinción, ameazada polo desenvolvemento tecnolóxico e as necesidades dos tempos modernos.

Da mesma forma que o Orinoco é elemento vertebrador e definitorio dos pobos que habitan a súa conca, a rede hidrográfica galega convértese nun dos trazos máis expresivos da riqueza patrimonial, cultural e biolóxica deste territorio. Unha realidade que se recolle en *Orinoco. Viaxe a un mundo perdido*, a través dunha pequena

mostra coordinada polo historiador, museólogo e museógrafo Alejandro de Arce que inclúe pezas procedentes de institucións e coleccións galegas: artes de pesca e embarcacións tradicionais, así como imaxes que retratan as paisaxes e costumes da vida ao redor dos ríos.

Canoas e barcas tradicionais como as dornas creadas para facilitar as comunicacións e a actividade comercial; artes de pesca como a *nasoura* do Ulla e do baixo Miño, a *fisga*, o *redote* ou o *ratel* coas que aproveitar os seus recursos naturais; ou elementos da arquitectura pesqueira como as pesqueiras e os caneiros conforman un pequeno esbozo da cultura material e a tradición das xentes que conviviron durante xeracións cos ríos galegos.




Décadas de exploracións, un paraíso natural oculto, unhas etnias milenarias, uns obxectos máxicos... *Orinoco. Viaxe a un mundo perdido* preséntase como unha exposición moi lúdica e atractiva para todos os públicos coa que poder converterse en explorador e coñecer outras culturas, outras civilizacións, unhas paraxes exóticas ou outra forma de relacionarse coa natureza e o medio natural.

Aproveitando esta vertente lúdica e didáctica da exposición, o Museo Centro Gaiás acollerá de forma permanente unha zona infantil na que os máis pequenos poderán achegarse ao corazón da Amazonía venezolana a través de xogos, obradoiros, cine, contos, actividades gastronómicas, visitas guiadas...

Os pequenos da casa convertiranse desta forma en

auténticos protagonistas a través dun espazo especialmente pensado para eles e no que poder gozar da exposición en todas as súas vertentes: *Campamento Tepuy*.

Xa sexa en familia, en grupos escolares ou xunto a outros nenos de forma individual, poderán achegarse aos sabores da selva a través dos produtos típicos das diferentes etnias; construírán vivendas coas súas propias mans; descenderán o Orinoco a través de imaxes e incluso poderán converterse en expedicionarios e pasar unha noite nun poboado indíxena. Un completo programa de actividades especialmente pensado para os diferentes tramos de idade cos que facer dun museo un lugar para aprender divertíndose.




Pintura 9
Hélio Oiticica, 1959
Colección Patricia
Phelps de Cisneros

FUNDACIÓN CISNEROS



Esfera.
Gego, 1976.
Colección
Patricia Phelps
de Cisneros.



A Fundación Cisneros é unha institución privada, sen ánimo de lucro, fundada pola mecenaz venezolana Patricia Phelps de Cisneros e o seu marido Gustavo A. Cisneros, actualmente presidida por Adriana Cisneros de Griffin. A súa misión é mellorar a educación en América Latina e fomentar o coñecemento global sobre as contribucións de Venezuela á cultura mundial. Un obxectivo que leva a cabo a través da promoción de bolsas de arte latinoamericano, a excelencia na educación das artes visuais e o fomento dun alto nivel de coñecementos técnicos entre os artistas latinoamericanos.

A longo prazo, os seus innovadores programas fortalecen o tecido social, promoven a liberdade de expresión e o pensamento democrático, impulsan o progreso económico e afianzan o entendemento entre as nacións latinoamericanas.

Os programas principais que desenvolve a Fundación Cisneros son:

COLECCIÓN PATRICIA PHELPS DE CISNEROS: ten como obxectivo principal promover unha maior apreciación da diversidade, a sofisticación e variedade de expresións artísticas de Latinoamérica, así como apoiar a innovación, a creatividade, a educación e investigación no campo da arte latinoamericana.

ACTUALIZACIÓN DE MAESTROS EN EDUCACIÓN (AME): rede virtual internacional de ensino/aprendizaxe baseado nas TIC para promover a capacitación dos mestres de educación básica de América Latina.

Ambas as dúas impleméntanse en diversos países latinoamericanos a través de alianzas locais e enmarcadas dentro da visión de Responsabilidade Social Empresarial da Organización Cisneros, orientada a fomentar o desenvolvemento sostible e crear capital social na rexión.

*Proyecto para un
muro exterior*
Carlos Cruz-Díez,
1954-1965
Colección Patricia
Phelps de Cisneros

COLECCIÓN PATRICIA PHELPS DE CISNEROS

Con sede en Nova York e Caracas, a *Colección Patricia Phelps de Cisneros (CPPC)*, un dos principais programas da Fundación Cisneros, traballa para promover unha maior apreciación da diversidade, a sofisticación e variedade da arte de América Latina así como para fomentar a excelencia na educación artística e a formación de profesionais da arte latinoamericana. Estes obxectivos lógranse a través da conservación, estudo, presentación e promoción da cultura material latinoamericana, desde obxectos etnográficos ata a arte contemporánea. As actividades da CPPC inclúen exposicións, publicacións e bolsas para a investigación e a produción artística.

A *Colección Patricia Phelps de Cisneros* carece de museo propio cun claro obxectivo: levar o seu legado cultural a calquera lugar do planeta, permitindo a súa difusión entre un maior número de públicos diferentes e apoiar institucións culturais que queren incorporar a arte latinoamericana ao seu discurso sen contar con obras ou coleccións propias.



UNHA COLECCIÓN DE COLECCIÓN

A *Colección Patricia Phelps de Cisneros* é, en realidade, unha colección de coleccións de arte étnica (que acolle a Cidade da Cultura a través da *Colección Orinoco*), colonial, moderna, paisaxística e contemporánea e que supón un dos maiores esforzos de preservación de recursos culturais levados a cabo por esta institución.

COLECCIÓN ORINOCO: a Cidade da Cultura acolle a colección étnica da *Colección Patricia Phelps de Cisneros*, formada por un grupo de documentos e obxectos etnográficos das doce etnias que habitan na conca do Orinoco.

COLECCIÓN DE ARTE CONTEMPORÁNEA: O núcleo desta colección está composto, na súa maioría, por artistas latinoamericanos. Non obstante, como reflexo da situación global da arte contemporánea, tamén inclúe obras de artistas doutras partes do mundo.



COLECCIÓN DE ARTE MODERNA: obras de artistas latinoamericanos do século XX, concentrándose na abstracción xeométrica en Arxentina, Brasil, Uruguai e Venezuela.

COLECCIÓN DE ARTE COLONIAL: inclúe pinturas, mobiliario e obxectos relixiosos creados entre o século XVII e mediados do século XIX en Latinoamérica. Estas pezas amosan o alto nivel de manufactura e a variedade de culturas que influenciaron a cultura material do mundo colonial.

COLECCIÓN DE ARTISTAS VIAXEIROS A LATINOAMÉRICA: pinturas, debuxos, acuarelas, gravados e fotografías que plasman a variedade de paisaxes que os artistas europeos atoparon no novo continente. A colección inclúe obras de arte que foron creadas por artistas viaxeiros que chegaron a América por unha variedade de razóns, incluíndo expedicións comerciais, artísticas, ou por simple aventura, desde principios do século XVII ata finais do XIX.

1-8 in vier Gruppen
Max Bill, 1955-1963
Colección Patricia Phelps de Cisneros



Malhas da liberdade
Cildo Meireles, 1976
Colección Patricia Phelps de Cisneros



A COLECCIÓN PATRICIA PHELPS DE CISNEROS EN ESPAÑA



Pintura 9
Hélio Oiticica, 1959

Unha viaxe a España en 1973 e a compra dunha obra contemporánea do español Manuel Rivera, “Tiritaña”, constituíron o punto de partida da Colección Patricia Phelps de Cisneros. A partir dese momento, comezou a forxarse unha Colección e unha misión que, inicialmente focalizada en Latinoamérica e Estados Unidos, desde hai algúns anos incrementa a súa presenza en España co obxectivo de contribuír de forma decisiva a rachar este-reotipos e incentivar o coñecemento da arte de América Latina tamén neste país.

Este esforzo levou á Colección Patricia Phelps de Cisneros a establecer lazos con importantes institucións de España vinculadas coa arte contemporánea como a Fundación Juan March, a Fundación Arte y Mecenazgo, o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía e, agora, a Cidade da Cultura de Galicia.

FUNDACIÓN JUAN MARCH

“América fría. La abstracción geométrica latinoamericana” (Febreiro-Maio 2011)

No marco do seu activo programa de préstamos, a Colección Patricia Phelps de Cisneros contribuíu a esta exposición con 22 pezas representativas da súa colección de Arte Moderna, integrada por obras de artistas latinoamericanos do século XX e enfocada, precisamente, na abstracción xeométrica en países como Arxentina, Brasil, Uruguai e Venezuela.

FUNDACIÓN ARTE Y MECENAZGO

“Colección Patricia Phelps de Cisneros: Colección privada, vocación pública” (13 de outubro de 2011)

Patricia Phelps de Cisneros participou no programa de conferencias “Círculo Arte y Mecenazgo” da Fundación Arte y Mecenazgo (FAM), a través da ponencia ‘Colección Patricia Phelps de Cisneros: colección priva-



Máquina-Md
Lygia Clark, 1962



Marco recortado nº 2
Juan Melé, 1946



Ortogonal (collage)
Alejandro Otero, 1951



da, vocación pública'. Nomes como o de Glenn D. Lowry, director do MoMA, ou Chris Dercon, director da Tate Modern, tamén participaron nestas conferencias.

MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE REINA SOFÍA


Co fin de impulsar as súas relacións e incentivar o coñecemento da arte contemporánea de América Latina en España, o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía e a Colección Patricia Phelps de Cisneros asinaron en abril de 2011 un convenio de colaboración para o desenvolvemento de proxectos culturais conxuntos durante 5 anos. Para a CPPC, este acordo representa un fito importante na súa historia, que marca o auxe desta nova etapa de actividade en España.

“Repensar los modernismos latinoamericanos: flujos y desbordamientos” (2-3 de marzo de 2012)

Como primeira acción levada a cabo no marco do acordo de colaboración con o MNCARS celebrouse o Seminario “Repensar los Modernismos Latinoamericanos: flujos y desbordamientos”, que convocou aos especialistas internacionais máis importantes neste ámbito co obxectivo do sentido da abstracción xeométrica dentro do debate histórico, crítico e institucional contemporáneo.

“La Invencción Concreta: Colección Patricia Phelps de Cisneros” (23 de xaneiro – 16 de setembro de 2013)

O 22 de xaneiro de 2013 inaugurouse a primeira exposición da CPPC en Europa, a maior mostra da Colección en toda a súa historia. A exposición, que alberga máis de 187 obras da Colección de Arte Moderna –moitas delas nunca expostas antes en España-, busca contribuir de forma decisiva ao obxectivo común de rachar este-reotipos e incentivar o coñecemento da arte de América Latina no mundo.



PATRICIA PHELPS DE CISNEROS

Considerada unha das persoas máis influíntes do mundo da arte –ocupa o posto número 27 no listado de 100 que elabora cada ano a revista *Art Review*–, Patricia Phelps leva máis de catro décadas dedicada ao apoio e promoción da cultura latinoamericana no mundo a través da unión coas máis prestixiosas institucións culturais. Xunto co seu esposo, Gustavo A. Cisneros, creou a Fundación Cisneros, unha organización filantrópica privada dedicada a mellorar a educación en América Latina e promover o coñecemento do patrimonio cultural da rexión.

No seu afán por compartir a súa visión latinoamericanista co mundo, Patricia Phelps de Cisneros apoia diversas institucións culturais no continente americano e Europa. Así, é fundadora e presidenta do Comité para América Latina e o Caribe, e desde 1992, foi membro do Consello Directivo do Museo de Arte Moderno de Nova York (MoMA). Ademais, é Membro Fundador do CIMAM (Comité Internacional do ICOM para Museos

e Coleccións de Arte Moderna); membro do Comité Internacional e do Comité para Adquisicións de América Latina da Tate, Londres; membro do Comité Internacional da Fundación Amigos de Museo del Prado, do Comité Internacional do Museo Berggruen e do comité de Amigos Americanos da Fondation Beyeler, entre outros.

En recoñecemento ao seu labor para fortalecer e promover a cultura e a educación, Patricia Phelps de Cisneros foi galardoada con importantes premios, entre os que destacan: o Leone d'Oro di San Marco, de Venecia; a Cruz da Lexión de Honra, outorgada pola República de Francia, a Medalla de Ouro do Americas Society, o Premio Gertrude Vanderbilt Whitney ao Mellor Patronato das Artes, da Escola de Pintura e Escultura Skowhegan en Maine, o Premio da Fundación Iris do Bard Graduate Center: Decorative Arts, Design History, Material Culture en Nova York e un Doutorado Honoris Causa en Belas Artes pola Universidade de Wheaton en Massachusetts.



O Museo Centro Gaiás preséntase como un dos edificios con máis posibilidades da Cidade da Cultura de Galicia, combinando a súa vocación expositiva cunha oferta aberta a diferentes disciplinas artísticas e culturais. A espectacularidade da súa fachada, os case 43 metros de altura e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie permítenlle despregar unha oferta que inclúe exposicións de gran formato xunto a actividades lúdicas, formativas e de divulgación.

Desde a súa apertura ao público en novembro de 2011, o Museo Centro Gaiás foi escenario da maior exposición da Cidade da Cultura ata o momento e unha das máis ambiciosas das organizadas en Galicia: *Gallaecia Petrea*, unha viaxe pola Historia de Galicia desde o seu nacemento ata a actualidade a través do seu patrimonio pétreo.

De forma paralela, o Museo Centro Gaiás tamén aco-

lleu *Códices: Xoias das catedrais galegas na Idade Media*, unha mostra única na que o visitante puido contemplar reunidos e por primeira vez códices e libros medievais nunca expostos con exemplares únicos en Europa como o orixinal *Códice Calixtino*.

Estas dúas grandes mostras evidencian a vocación expositiva do Museo Centro Gaiás que, non obstante, se abre a outras disciplinas artísticas, converténdose en escenario de grandes eventos como se demostrará en 2014 cando o Museo sexa a sede da feira Womex, ademais de albergar todo tipo de espectáculos: desde danza contemporánea, a artes escénicas ou grandes concertos, coa presenza de artistas punteiros da escena internacional como o mestre cubano Paquito D'Rivera, o flamenco Jorge Pardo ou a israelita Noa.

INFO PRÁCTICA

Do 27 de maio de 2013 ao 12 de xaneiro de 2014
Aberto de martes a domingo de 11 a 20 h.

Entrada xeral: 4 euros

Entrada reducida: 2 euros

- Estudantes
- Familias numerosas
- Carné xoven
- Discapacitados
- Grupos de máis de 20 (non especializados)

Entrada de balde:


- Menores de 18 anos
- Xubilados
- Desempregados

Mércores, entrada de balde (agás festivos)

Visitas guiadas: 12.30 e 18.30 h.

Visitas guiadas grupos:

Reserva previa en
visitas@ciudadadacultura.org
881 995 172



PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos

responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego




Campo



Estrella Galicia 





A photograph showing three indigenous people from behind, standing in a narrow dugout canoe on a river. They are holding long wooden poles that cross over the canoe. The background is a dense green forest. The water is calm and reflects the surrounding trees.

GAIÁS CIDADE DA CULTURA